

## Que é unha instalación artística?

Segundo o dicionario da Real Academia Galega (RAG), unha **instalación** é a “acción de instalar ou instalarse”, e **instalar** o definen como “poñer nun lugar ou edificio todo o necesario de que consta (unha cousa) para que se poida realizar unha actividade ou un servizo”. No caso que nos ocupa neste reto imos a referirnos ás **instalacións artísticas**.

Este tipo de instalación son **lugares onde se presentan materiais con fins estéticos e de creación**, relacionados co mundo da arte. Neles as persoas que participan poden percibir, sentir, e crear a través das propostas e actividades presentes. O obxectivo é vivir a arte a través dos sentidos.

Buscase o gozo interactuando, **experimentando e xogando** cos obxectos presentes na instalación, dun xeito libre, onde non se dirixe, senón que se presentan propostas e se crean novas por parte das persoas que nela participan.

Foméntase pois, a autonomía, a autorregulación, a creatividade, a libre expresión...

A elección dos **materiais da instalación** é moi importante, búscase que sexan:

- Atractivos en canto a cores, formas, tamaño...
- De refugallo, como botellas, caixas, cartóns, papeis...
- De diferentes texturas como lisos, rugosos...
- Naturais como area, sal, fariña, madeira, paus, follas...
- Cotiás como teas, esponxas, fíos, balóns...

Para lograr unha presentación atractiva é importante xogar coas **luces**, polo que se adoitan a usar luces de escritorio, mesas de luz, proxectores, luces negras...

Tamén poden ambientarse con **música** que transmita unha sensación agradábel.

A **disposición do material** e a colocación é fundamental para atraer ao público. Aquí entra en xogo a creatividade e o gusto pola estética da persoa que monta a instalación. Por moi atractivos que sexan os materiais, se se presentan desordenados, perde toda a maxia da instalación.

Ti entrarías a xogar nun lugar sucio e desordenado por moito material que tivese? Imaxina por un momento a sensación que te provocaría. Seguramente sería calquera menos calma e ganas de interactuar.

Pero nunha instalación non todo é libre, existen unhas **normas básicas** de respecto e coidado dos materiais e do resto de participantes. Polo que hai que ter claro o obxectivo e as zonas delimitadas, o nivel de ruído e a recollida despois do seu uso. Diso depende o bo uso da instalación e que outras persoas poidan gozar dela.

Así que, mans a obra, anúmate a crear unha instalación chea de recunchos artísticos xunto cos teus compañeiros e compañeiras.



“Que é unha instalación artístitca?”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)